

2.º cuatrimestre
2022/2023
Campus Remoto

EL DESTREZAS

- _ Tradución Asistida: MemoQ
- _ Ofimática: Microsoft Office
- _ Impresión 3D
- _ Xestión de proxectos: Microsoft Project
- _ Edición de vídeo e son dixital para a web
- _ Programación: Scratch e Arduino
- _ Fundamentos de deseño: Autocad
- _ Ánalise de datos: Excel

Recoñecemento de un crédito ECTS por curso
30 horas (6 sesións de 4 horas presenciais + 6 horas de traballo non presencial)

Información e inscrición
campusactivo.uvigo.gal





Universidade de Vigo

Programa de formación orientado ao desenvolvemento e á mellora das competencias dixitais do alumnado, PDI e PAS da Universidade de Vigo.

Recoñecemento 1 ECTS por curso

30 horas (6 sesións de 4 horas + 6 horas de traballo non presencial)

Inscrición: campusactivo.uvigo.gal

Sección de Extensión Universitaria
Campus universitario. 36310 Vigo
edestrezas@uvigo.gal

Introdución ás ferramentas de tradución asistida por ordenador con MemoQ

Este curso pretende dotar ao alumnado dos fundamentos básicos relacionados co programa de tradución asistida por ordenador MemoQ e coñecer a súa interface, terminoloxía, proxectos e memorias de tradución relacionados co mesmo.

- Do 31 de xaneiro ao 16 de febreiro de 2023
- Martes e xoves de 16.00 a 20.00 h

Fundamentos de ofimática con Office

Este curso pretende que o estudantado se desenvolva coas ferramentas ofimáticas Office de Microsoft para afrontar a elaboración de documentos profesionais como o propio traballo de fin de grao, traballo de fin de mestrado etc.

- Do 30 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2023
- Luns e mércores de 16.00 a 20.00 h

Introdución práctica á impresión 3D

O obxectivo principal do curso é dotar ao alumno dos coñecementos da tecnoloxía de impresión 3D necesarios para deseñar e fabricar as súas propias pezas en 3D. Presentar as novas ferramentas de impresión 3D FDM. Ensinar a montar unha impresora 3D dende cero e recoñecer os elementos que a compoñen. Así como identificar os problemas habituais de funcionamento e como corrixilos.

- Do 3 de febreiro ao 10 de marzo de 2023
- Venres de 16.00 a 20.00 h

Aplicación práctica dos conceptos de xestión de proxectos mediante Microsoft Project

Este curso ten como obxectivo, a través dun enfoque eminentemente práctico, afondar no uso de Microsoft® Project® 2013 (ou superior) aplicando os conceptos básicos da metodoloxía de xestión de proxectos do PMI® baseada no PMBok.

- Do 18 de febreiro ao 25 de marzo de 2023
- Sábados de 10.00 ao 14.00 h

Fundamentos de edición de vídeo e son dixital para a web

Neste curso, a actividade formativa busca fornecer a/o asistente de técnicas de produción de vídeo e son dixital, a través do emprego de ferramentas libres e recursos de publicación web da Universidade de Vigo. Durante a formación poñeranse en práctica técnicas relacionadas coa edición de vídeo e son dixital, ademais de realizar pezas audiovisuais para colgar na web.

- 22, 23, 27, 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo de 2023
- De 16.00 a 20.00 h

Iniciación á programación con Scratch e Arduino

O obxectivo do curso é explorar as novas ferramentas de programación básica para alumnos principiantes no campo. Traballaranse conceptos sobre estruturas de control na programación, extrapolaranse os coñecementos a outros linguaxes e se iniciará ao alumno na electrónica. Finalmente aplicaranse os coñecementos adquiridos ao Arduino.

- Do 17 de marzo ao 28 de abril de 2023
- Venres de 16.00 a 20.00 h

Fundamentos do deseño CAD con AUTOCAD

Este curso pretende dotar ao alumnado dos fundamentos de deseño 3D, de forma colaborativa. Abórdanse conceptos relacionados coa elaboración de esbozos, planos, ensamblaxes, etc. Aprenderás a deseñar con Autocad desde cero ata alcanzar un nivel de usuario medio.

- Do 10 ao 26 de abril de 2023
- Luns e mércores de 16.00 ao 20.00 h

Fundamentos de análise e tratamento de datos con Excel

Tras este curso o asistente sentirase familiarizado co uso da ferramenta ofimática Excel. Traballaranse conceptos relacionados con operacións e funcións básicas e avanzadas, gráficos, análise de datos, vinculación con outras ferramentas de Office etc.

- Do 11 ao 27 de abril de 2023
- Martes e xoves de 16.00 a 20.00 h